

TIG@

CPEIG

REVISTA DA ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA

Nº 23 | Maio 2024



Galicia será sede en 2025 da Olimpíada Informática Española



Colexio Profesional de
Enxeñaría en Informática
de Galicia

ÍNDICE

- 3-7** páx **III Olimpíada Informática Galega**
- 8-11** **Día das Rapazas nas TIC 2024**
- 12-14** **Distinción 'Empresa ética' dos Premios Nacionais de Ingeniería para a empresa galega CQe-Solutions**
- 15-17** **Concurso AdaByron Galicia 2024**
- 18** **Convenios con PuntoGal e ABANCA**
- 19** **Día Internet das Cousas**
- 20-21** **O CPEIG nos medios de comunicación**

CONSELLO EDITORIAL

Fernando Suárez, presidente do CPEIG
Susana Ladra, vicepresidenta do CPEIG
Juan José González, secretario do CPEIG
Roberto Vieito, vicesecretario do CPEIG
Francisco Javier Rodríguez, tesoureiro do CPEIG
Iván Luis Vázquez, vogal do CPEIG
José Manuel Vázquez Naya, vogal do CPEIG

Contidos e asesoramento: **Vía Láctea Comunicación**

Maquetación: **Vía Láctea Comunicación**

Suxestións e comentarios: **revista@cpeig.gal**

Datos de contacto do CPEIG

Rúa Fernando III O Santo 13-1ªA
15701 Santiago de Compostela
Tel: 981 592 773 - Fax: 981 553 997

www.cpeig.gal

ISSN 2255-3169



**Olimpiada
Informática
Galega
2024**

A Olimpiada Informática Española celebrárase en 2025 na Facultade de Informática da Coruña

Fernando Suárez, presidente do CPEIG: "É unha honra recibir na Coruña ao talento que marcará o futuro da innovación e o progreso do noso país"

O ferrolán Pedro Rey, estudante do IES Saturnino Montojo de Ferrol, e o vedrés Hugo Domínguez, estudante do Colexio Manuel Peleteiro de Santiago, foron os gañadores da Olimpiada Informática Galega 2024

O CPEIG, en colaboración coas tres universidades galegas –Universidade de Vigo (UVigo), Universidade da Coruña (UDC) e Universidade de Santiago (USC)– e o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC) da UDC, celebrou o pasado 3 de febreiro a Olimpiada Informática Galega 2024 (OIG 2024) na Escola Superior de Enxeñaría Informática do Campus de Ourense da UVigo.

No certame participaron 26 estudantes de educación secundaria –ESO–, bacharelato e formación profesional de grao medio de toda

Galicia, procedentes de quince centros educativos e residentes na Coruña (4 participantes), Vigo (2), Ribeira (1), Ames (1), Santiago de Compostela (5), Brión (2), Negreira (1), Narón (1), O Barco de Valdeorras (2), Teo (1), Burela (1), Ferrol (1), O Porriño (1), Redondela (1), Vedra (1) e Allariz (1).

Os gañadores foron, en primeira posición, **Pedro Rey Anca**, natural de Ferrol e estudante de 2º de bacharelato do IES Saturnino Montojo de Ferrol; e no segundo posto **Hugo Domínguez Conde**, de Vedra e estudante de 1º de bacharelato do CPR Manuel Peleteiro de Santiago.

Os premios foron os seguintes:

1º clasificado

Pedro Rey Anca

IES Saturnino Montojo – Ferrol
(2º de bacharelato. Residente en Ferrol).
400 euros e asistencia á
XXVIII Olimpíada Informática Española.



2º clasificado

Hugo Domínguez Conde

CPR Manuel Peleteiro – Santiago de Compostela
(1º de bacharelato. Residente en Vedra).
300 euros e asistencia á XXVIII Olimpíada
Informática Española.



3º clasificado

Juan Pablo Pardo Pérez

CPR Manuel Peleteiro – Santiago de Compostela
(2º de bacharelato. Residente en Santiago).
250 euros.



4º clasificado

Hugo Gorgojo Basanta

IES Perdouro – Burela
(1º de bacharelato, Residente en Burela).
200 euros.



5º clasificado

Miguel Pérez Barreiro

IES Politécnico de Vigo – Vigo
(4º da ESO. Residente en Vigo).
200 euros.



5º clasificado

Isabel Villar García

CPR Manuel Peleteiro – Santiago de Compostela
(2º de bacharelato. Residente en Teo).
200 euros.



Mellor rapaza clasificada

Isabel Villar García

CPR Manuel Peleteiro – Santiago de Compostela
(2º de bacharelato. Residente en Teo).
150 euros.



Mellor estudante da ESO

Miguel Pérez Barreiro

IES Politécnico de Vigo – Vigo
(4º da ESO. Residente en Vigo).
150 euros.

A OIG 2024 estivo patrocinada por diversas entidades e empresas do sector TIC: Amazon AWS, Apser, Clúster TIC Galicia, Denodo, Dinahosting, DXC Technology, GDI, Mindata, Minsait, NTT Data, Oracle, Sixtema e Veritas.

Sevilla acolleu a Olimpíada Informática Española deste ano, onde os galegos recibiron un diploma pola súa participación



Participantes galegos co presidente do CPEIG, Fernando Suárez

A Escola Técnica Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Sevilla acolleu en marzo a celebración da XXVIII Olimpíada Informática Española (OIE) 2024. Os galegos gañadores da OIG, o ferrolán Pedro Rey e o vedrés Hugo Domínguez Conde, foron os representantes neste certame estatal acadando un diploma pola súa participación.

No evento, tivo lugar a toma de relevo da organización da Olimpíada Informática Española 2025 que recaeu en Galicia, en concreto na Facultade de Informática da Coruña (FIC) da Universidade da Coruña que será a responsable

de poñer en marcha a XXIX edición do certame. “É unha honra recibir na Coruña ao talento que marcará o futuro da innovación e o progreso do noso país” –manifestou o presidente do Consejo General de Colegios Profesionales de Ingeniería Informática (CCII) e do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, Fernando Suárez–. O presidente destaca que a olimpíada marca realmente o ciclo entre as competicións, polo que indicou que este ciclo para a Coruña comeza hoxe mesmo e, desde o CPEIG, darase todo o apoio posible a FIC para celebrar este concurso. “Na olimpíada non só aflora o talento,

senón que os mozos e mozas máis alá de competir, coñécense, únense e colaboran para lograr a excelencia na resolución de problemas a través do pensamento computacional” –indica.

A Olimpiada Informática Española (OIE) é o concurso nacional de programación informática para estudantes de ensinanza secundaria,

bacharelato e grao medio. Desde 2019, a Conferencia de Directores y Decanos de Ingeniería Informática (CDDII) colaboran coa Fundación Aula Escola Europea na organización do concurso, así como o Consejo General de Colegios Profesionales de Ingeniería Informática, o Ministerio de Educación y Formación Profesional e a Sociedad Científica Informática de España.



DÍA INTERNACIONAL DAS RAPAZAS NAS TIC

Máis de 600 estudantes de primaria e secundaria de toda Galicia participaron nas actividades do Día das Rapazas nas TIC do CPEIG, CESGA, Secretaría Xeral da Igualdade e CiTIUS



O 25 de abril organizouse unha multiconferencia con catro tecnólogas que compartiron cos escolares as súas experiencias profesionais e visitas ao supercomputador FinisTerra III e ao ordenador cuántico de Galicia 'Qmio'





Participaron tamén nun roteiro das exploradoras dixitais, teatralizado entre o CESGA e o CiTIUS, onde se enfrontaron ao reto de descubrir a traxectoria de mulleres referentes na historia:

- *Ángela Ruíz Robles, Gladys Mae West, Ada Byron, Grace Hooper, Margaret Hamilton e Hedy Lamarr*

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) celebrou o 25 de abril o **Día Internacional das Rapazas nas TIC 2024** (International Girls in ICT Day), xunto ao Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), a Secretaría Xeral da Igualdade e o Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CiTIUS). Nesta duodécima edición, o evento, destinado a motivar ás novas xeracións de mozas para que consideren o ámbito das TIC para o seu desenvolvemento académico, investigador e profesional, celebrouse na sede do CESGA e do CiTIUS ao longo da xornada. Inauguraron o acto o director do CESGA, **Loís Orosa**; a secretaria Xeral da Igualdade, **Sandra Vázquez Domínguez**; e a vogal do CPEIG, **Pilar Vila Avendaño**.

Pilar Vila compartiu coa cativada como foron os seus inicios profesionais na enxeñaría informática, primeiro como programadora e administradora

de sistemas, para despois crear a súa propia empresa como forense informática ofrecendo servizos de ciberseguridade. A vogal do CPEIG explicou que hoxe en día hai moitas cousas por facer no ámbito das TIC, desde intelixencia artificial, blockchain, traballar con criptomonedas ou computación cuántica. “Ábrese un novo camiño e entre todas podemos contribuír a mellorar o noso futuro e facer que ese camiño sexa máis produtivo” –sinalou–.

A actividade, destinada ao alumnado de primaria e secundaria de Galicia, comezou pola mañá cunha multiconferencia web, que se retransmitiu por streaming, na que participaron **530 estudantes de 15 centros galegos, de primaria (5) e de secundaria (10) de Santiago de Compostela, Mos, Soutomaior, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa, Brión, Allariz, A Pastoriza, Bandes, Monfero, Ferrol, Vigo, Carral e Pontevedra.**

DÍA INTERNACIONAL DAS RAPAZAS NAS TIC



Profesionais galegas falaron da súa traxectoria, no que traballan, e o que a tecnoloxía pode aportar en diversos campos para mellorar a sociedade. Participaron na mesa redonda, moderada pola coordinadora da área e-learning do CESGA, **María José Rodríguez Malmierca**, catro destacadas tecnólogas galegas que traballan e investigan en ámbitos relacionadas coas novas tecnoloxías, desde perspectivas moi distintas: a enxeñeira de Telecomunicación que traballa en GRADIANT (Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia) **Antía Fernández**; a matemática e técnico superior de investigación na liña de aplicación da intelixencia artificial á produción industrial no CESGA, **Lorena Fernández**; a enxeñeira en Informática **Olalla Rama**; e a arquitecta **Noemí Basanta**.



A xornada proseguiu cunha actividade extraescolar onde as rapazas e rapaces de primaria descubriron a actividade en torno á tecnoloxía que se desenvolve no CESGA, con **visitas didácticas ao supercomputador FinisTerra III e ao ordenador cuántico de Galicia, Qmio**.



“Roteiro de Exploradoras Dixitais: Revelando as historias non contadas”

A actividade completouse pola tarde cun percorrido polo Campus Vida da USC, entre o CESGA e o CiTIUS, onde 50 estudantes tiveron o reto de identificar e coñecer referentes históricas do mundo das tecnoloxías, descubriendo os logros tecnolóxicos conseguidos polas mulleres no ámbito das TIC da man de científicas de ambos centros. Ada Lovelace (coñecida como Ada Bryron), a primeira programadora da historia, guiará aos estudantes nun **percorrido teatralizado**. Todos aqueles que completaron con éxito este **“Roteiro de Exploradoras Dixitais: Revelando as historias non contadas”** recibiron unha credencial de recordo, a **CompoSTEMla**, así como un agasallo sorpresa.

Os estudantes coñeceron a traxectoria profesional de mulleres referentes no ámbito tecnolóxico como **Ángela Ruíz Robles**, mestra en Ferrol apaixonada da tecnoloxía que ideou e patentou unha enciclopedia mecánica, considerada o primeiro libro electrónico da historia; **Gladys Mae West**, a matemática detrás do GPS; **Ada Lovelace**, máis coñecida como Ada Byron, matemática e escritora británica do século XIX, considerada a primeira programadora da historia célebre polo seu traballo sobre a computadora mecánica; **Grace Hooper**, matemática que inventou un tradutor para que as máquinas puideran entender

as instrucións das persoas; **Margaret Hamilton**, primeira enxeñeira de software da historia, peza principal no equipo de tecnoloxía da misión astronáutica máis importante de todos os tempos, Apolo 11; e **Hedy Lamarr**, enxeñeira autodidacta, ademais de actriz de Hollywood, que na II Guerra Mundial inventou un sistema de comunicación secreto que deu lugar á Wifi, GPS e Bluetooth actuais. Tamén participaron tecnólogas do CESGA como a enxeñeira en telecomunicacións **Natalia Costas**; a doutora en tecnoloxía educativa **María R. Malmierca**; a matemática **Lorena Fernández**; e a enxeñeira informática **Cecilia Grela**; así como a investigadora do CiTIUS **Albina Sarymsakova**.

Colaboran nesta edición da efeméride a Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia), a Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas (AMIT-Gal), a Asociación PuntoGAL, a Universidade de Santiago (Facultade de Ciencias da Educación, Oficina de Igualdade e Woman Emprende) a Facultade de Informática da Universidade da Coruña, a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo, Hello Sisters! e GalsTech.

A empresa galega CQe-Solutions, liderada polo enxeñeiro informático Diego Cid, gaña a distinción 'Empresa éTICa' nos Premios Nacionales de Ingeniería Informática



Desenvolveu un compoñente para sistemas operativos iOS que permite o uso dos certificados incluídos no DNle para autenticación e sinatura e participou nos demostradores de acreditación de idade xunto á AEPD

A empresa galega CQe-Solutions consegue o recoñecemento 'Empresa éTICa' nos Premios Nacionales de Ingeniería Informática, convocados polo Consejo General de Ingeniería Informática de España (CCII).

O galardón foi outorgado por cumprir o código ético e deontolóxico da enxeñaría informática. Segundo o CCII, CQe-Solutions recibe esta distinción, debido ao gran coidado que pon no tratamento de datos persoais moi sensibles e no seu esmero por protexelos de calquera tipo de subtracción ou mala aplicación. CQe-Solutions está adherida ao selo de 'Empresa éTICa' do CCII.


A empresa está liderada polo enxeñeiro informático Diego Cid Merino. A compañía encárgase de desenrolar aplicacións que permiten a cidadanía

aproveitar, de maneira dixital, os documentos de identidade desde os dispositivos móbiles. De este modo, permite aos usuarios realizar distintos trámites coas administracións públicas, como a identificación ou a sinatura de documentos. "Pretendemos utilizar a tecnoloxía existente para desenvolver solucións que poidan beneficiar o avance da sociedade desde a transparencia e poñendo ao usuario no centro" –explica Cid–.

Diego Cid sinala que este premio supón un recoñecemento ao traballo que realizamos durante os últimos cinco anos para poñer a tecnoloxía á disposición dos cidadáns e facilitar a comunicación coa administración pública, "centrándonos en que o usuario teña sempre o control sobre os seus datos e saiba sempre para que se utilizan".



EMPRESA ÉTICA
CQE-SOLUTIONS



Apps Tr@mite, Firm@ e Valid@

CQe-Solutions especializouse no uso do DNle desde dispositivos móbiles, en Android e tamén en iOS, tanto para autenticación en sedes electrónicas como para sinatura de documentos seguindo o uso actual que se lle dá ao DNle e aos seus certificados. Para demostrar as posibilidades da tecnoloxía actual, a empresa publicou en tendas de aplicacións a ferramenta Tr@mite, que permite o acceso a multitude de trámites de distintas administracións públicas nacionais, autonómicas e locais utilizando a validación con DNle, certificado dixital, cl@ve permanente, cl@ve pin e cl@ve. Ademais, esta aplicación permite asinar documentos pdf con DNle ou certificado dixital, incluíndo a opción de realizar sinaturas cualificadas utilizando o DNle e un selo de tempo xerado polo prestador de servizos ANF.

Outra aplicación é Firm@, que permite asinar documentos pdf con DNle ou certificado dixital, tamén con sinaturas cualificadas utilizando o DNle e un selo de tempo xerado polo prestador de servizos ANF.

Finalmente, deseñou a aplicación Valid@, que permite consultar o estado e o contido dun certificado dixital ou dun DNle, incluíndo a data de caducidade dos seus certificados.

“O fito máis importante que conseguimos con estas aplicacións foi o de poder usar o DNle en iOS mediante unha conexión NFC, tanto para realizar trámites con distintas administracións, como descargar un certificado de débedas na Seguridade Social, presentar a declaración da renda ou obter o certificado de empadramento no teu Concello. O obxecto foi facilitar a vida dos cidadáns en canto ás tramitacións burocráticas” –manifesta–.



Datos de acreditación de idade almacenados unicamente no dispositivo do usuario

Diego Cid explica que CQe-Solutions tamén colaborou co CCII no desenvolvemento dos demostradores de idade da Agencia Española de Protección de Datos (AEPD) en dispositivos Android e iOS. “Deseñamos unha app que, mediante a lectura dun documento electrónico de identidade (DNle, pasaporte ou novos NIEs) e utilizando a tecnoloxía NFC combinada co recoñecemento facial ou o uso dos certificados electrónicos do DNle, permite acreditar fidedignamente que o usuario da app posúe unha certa idade, por exemplo, que sexa maior de idade. En función disto, o persoa poderá acceder a certos contidos restrinxidos só dispoñibles para quen posúa esta acreditación de idade. O interesante desta solución é que os datos de acreditación de idade almacénanse unicamente no dispositivo do usuario e non se comparten con terceiros en ningún momento, o que permite que o usuario teña sempre o control dos seus datos e non sexa necesario dispor dunha base de datos persoais na entidade que os requira” –engade–.

Con esta experiencia, Diego Cid apunta que desenvolveron unha nova funcionalidade nas súa app Tr@mite que permite levar o DNI no móbil e poder identificarte ante unha persoa física, por exemplo un axente, un vendedor dunha tenda de licores ou un porteiro de discoteca.

Diego Cid Merino (Ourense, 1980) é enxeñeiro en informática pola Universidade de Vigo (UVigo no Campus de Ourense), especializado en Desenvolvemento de software. Traballa como director de Proxecto, certificado PMP e SCRUM, en Imatia Innovation, con máis de quince anos de experiencia no desenvolvemento de software en diferentes contornos e actualmente realizando proxectos para o sector das administracións públicas como CEO de CQeSolutions. Anteriormente, implicouse en proxectos de distintos ámbitos, como a xestión de proxectos dun importante cliente do sector téxtil, o desenvolvemento do Expediente Xudicial Electrónico en Galicia (AXUDE), a implantación de aplicacións de xestión de expedientes (cividas) en diferentes administracións públicas ou a creación de diferentes solucións a medida, utilizando como tecnoloxía principal Java con diferentes frameworks e utilidades (ontimize, Spring, maven, cxf), aínda que tamén ten experiencia en linguaxes como swift, php, C#, C++ e pascal. Tamén traballou anteriormente noutras empresas tecnolóxicas como Indra, Tecnomcom e varias empresas de desenvolvemento de software. Foi docente en múltiples ocasións.

O equipo da Universidade de Santiago de Compostela, formado por Xiana Carrera, Pablo Díaz e Pablo Landrove, gaña o concurso de programación universitaria AdaByron Galicia 2024

Os equipos gañadores en cada unha das tres categorías (un da USC e dous da UDC), representarán a Galicia no certame nacional que se celebrará en xullo en Madrid



A proba, que se celebrou o 12 de abril nos tres centros universitarios de informática de Galicia, estivo organizada polo CPEIG, o CITIC e as tres universidades galegas, ademais de contar nesta terceira edición co patrocinio de máis dunha ducia de empresas tecnolóxicas

A terceira edición do certame de programación universitaria AdaByron Galicia 2024 celebrouse o pasado 12 de abril nos tres centros do Sistema Universitario Galego que ofertan Grados en Enxeñaría Informática: Facultade de Informática da Universidade da Coruña (UDC), Escola Técnica Superior de Enxeñaría da Universidade de Santiago (USC), e Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo (UVIGO) no Campus de Ourense.

A proba buscaba aos mellores equipos universitarios de programación competitiva. Así, equipos de tres estudantes competiron en diferentes categorías segundo o seu curso de estudos. Participaron 24 equipos entre as tres sedes que durante as catro horas de concurso enfrontáronse a 11 problemas de diferente dificultade.



Gañadores de cada categoría

Categoría A

(equipos de alumnado de 1º curso)



Equipo da Universidade da Coruña formado por **Hugo Herrador Segade**, **Lucía Hevia González** e **Iago Rivas Moar**.



Categoría C

(equipos de alumnado de cursos superiores)



Equipo da Universidade de Santiago de Compostela formado por **Xiana Carrera Alonso**, **Pablo Díaz Viñambres** e **Pablo Landrove Pérez-Gorgoroso**.

Foi o equipo gañador xeral, conseguindo resolver 9 dos 11 problemas.

Categoría B

(equipos de alumnado de 2º curso)



Equipo da Universidade da Coruña formado por **Ana Barrera Novas**, **Javier Carballal Morgade** e **Paula Taibo Suárez**.



Estes tres equipos gañadores representarán a Galicia na X edición do Concurso Nacional que se celebrará a comezos de xullo na Facultade de Informática da Universidad Complutense de Madrid. Os responsables do concurso AdaByron Galicia 2024, a vicepresidenta do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), Susana Ladra, e o profesor da UDC, Diego Seco, destacaron o gran nivel dos equipos participantes e, en especial, dos equipos gañadores que contaron cunha equilibrada participación de rapazas e rapaces.

Ademais, houbo premio para os gañadores de cada sede. Na UDC, o equipo gañador coincide co equipo gañador da categoría B, composto por Ana Barrera Novas, Javier Carballal Morgade e Paula Taibo Suárez. Na USC, o equipo gañador tamén coincide co equipo gañador da categoría C, composto por Xiana Carrera Alonso, Pablo Díaz Viñambres e Pablo Landrove Pérez-Gorgoroso. Finalmente, na sede de Ourense da UVigo o equipo gañador estivo formado por Lucas Canle de Andrés, Sergio González Rodríguez e Santiago Rodríguez Romero.

O certame, organizado polo CPEIG, o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as

Comunicacións (CITIC) e as tres universidades galegas, estivo patrocinado por máis dunha ducia de empresas tecnolóxicas: Apser, AWS, Clúster TIC Galicia, Denodo, Dinahosting, DXC Technology, PuntoGAL, GDI, Mindata, Minsait, NTTData, Oracle, Sixtema e Veritas.

AdaByron é un concurso que nace na Universidad de Madrid e que desde 2022 está aberto a outras comunidades. Nesta competición mídense as habilidades e destrezas de programación dos estudantes universitarios. A proba é a antesala do certame internacional de programación ICPC (International Collegiate Programming Contest) no que equipos de tres participantes, representando a súa universidade, traballan para resolver “os problemas máis reais, fomentando a colaboración, creatividade, innovación e a capacidade de actuar baixo presión”.

O concurso leva o nome de Ada Byron, tamén coñecida como Ada Lovelace, matemática e escritora británica do século XIX, célebre polo seu traballo acerca da computadora mecánica. Para máis información pódese consultar a páxina web: <https://ada-byron.es/2024/reg/galicia/>



Convenio de colaboración con PuntoGal

O CPEIG e PuntoGal activan as súas accións de colaboración a través da sinatura dun convenio marco, onde ademais se fará chegar aos seus socios descontos á hora de obter un dominio .gal. O documento foi asinado polo presidente do CPEIG, Fernando Suárez Lorenzo, e o presidente de PuntoGal, Manuel González González.

Con este acordo retómanse as relacións para o desenvolvemento de actividades e proxectos en forma conxunta en todo tipo de asuntos que resulten de interese para ambas as entidades sexan cursos e formacións, eventos, colaboracións ou publicacións.

Formalizar a colaboración

En palabras de Darío Janeiro, director xeral de PuntoGal, "este convenio formaliza unha relación xa existente: o Colexio formou parte das entidades que apoiaron para a consecución do dominio dende a súa orixe, e foi unha das

93 entidades pioneiras en ter un dominio .gal" comentou Janeiro, que ademais mencionou que "xa temos dado o noso apoio a algunha edición das noites da Enxeñaría en Informática de Galicia, e a outros actos organizados polo CPEIG, como o día das Rapazas nas TIC. A sinatura deste convenio marco fará máis doado profundar na nosa relación e colaboración".

Pola súa banda, Fernando Suárez Lorenzo manifestou que Internet ofrece unha plataforma única e sen precedentes para a difusión e enriquecemento da lingua e cultura galegas, permitindo conectar comunidades, preservar tradicións e fomentar a innovación e creatividade na nosa lingua. "Desde a creación do CPEIG, apostamos pola promoción e a difusión de contidos dixitais en lingua galega, así como pola unión de esforzos e a colaboración como panca para maximizar os éxitos de todas as nosas actividades. Esta colaboración non é senón unha mostra deste espírito colaborativo da nosa profesión", engade.

O CPEIG e ABANCA colaboran para fortalecer o sector e brindar apoio financeiro ás persoas colexiadas

O banco asina un acordo de colaboración co Colexio cun catálogo de produtos e servizos a medida que melloran o acceso ao crédito dos profesionais

As persoas colexiadas contarán con atención personalizada para investimentos e xestión de patrimonios

O CPEIG e ABANCA asinan un acordo de colaboración que pon a vista na mellora do acceso ao crédito das persoas colexiadas e das súas familias. A través deste convenio, poderán dar resposta ás súas necesidades persoais e laborais nun momento especialmente marcado polo escenario macroeconómico actual.

O acordo foi asinado na Coruña polo presidente do CPEIG, Fernando Suárez, e polo director territorial de ABANCA na Coruña, Óscar Salgado. O documento recolle unha serie de produtos e servizos con condicións especiais na súa contratación, como as pólizas de crédito, préstamos persoais e hipotecarios, leasing mobiliario ou avais.

Así mesmo, ABANCA pon a disposición das persoas colexiadas diferentes liñas de financiamento oficial que subscribe con diversos organismos públicos, como as SGR nacionais, e que lles permitirán facer fronte aos gastos derivados da escalada da inflación e da evolución económica.

Servizos personalizados con ABANCA Persoal

A oferta conta tamén con diferentes alternativas de investimento a medida, como os fondos de investimento, adaptados ao perfil de risco de cada cliente, e o servizo Xúbilo para o asesoramento sobre plans de pensións. Estas opcións forman parte tamén da oferta especializada de ABANCA Persoal, coa que se proporcionará asesoramento e produtos personalizados ás persoas colexiadas para optimizar os seus investimentos.

A maiores, os enxeñeiros e enxeñeiras informáticas contarán con beneficios adicionais como a tarxeta Visa Tú, que ofrece múltiples formas de pago nunha soa tarxeta para combinalas como máis conveña. A Tarifa Plana de Seguros e de Valores, xunto con servizos avanzados de banca a distancia son outros dos aspectos clave que presenta a oferta financeira.



La Voz de Galicia.
Santiago
14.01.2024



Faro de Vigo
28.01.2024

Diario de Ferrol
04.02.2024



Faro de Vigo.
Ourense
04.02.2024



El Correo Gallego
06.02.2024



La Voz de Galicia
09.02.2024



La Opinión
01.03.2024



La Voz de Galicia
06.03.2024



El Correo Gallego
15.03.2024



El Correo Gallego
09.04.2024

La Opinión
26.04.2024



La Voz de Galicia. Santiago
26.04.2024



Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia

O CPEIG nos medios de comunicación